

Explotación do ficheiro de Pensións Contributivas da Seguridade Social

NOTA

O IGE realizou unha explotación do ficheiro de pensións contributivas do sistema da Seguridade Social xestionadas polo Instituto Nacional de la Seguridad Social (INSS) e polo Instituto Social de la Marina (ISM), froito do convenio de colaboración entre os ditos organismos e o IGE (BOE núm. 219 do 12 de setembro de 2012).

Os datos que se presentan neste apartado son relativos ao colectivo de titulares de pensións contributivas do sistema da Seguridade Social xestionadas polo INSS e polo ISM, residentes na Comunidade Autónoma de Galicia (titulares, con residencia en Galicia, de pensións xestionadas polas direccións provinciais da Comunidade Autónoma; titulares, con residencia en Galicia, de pensións xestionadas por outras direccións provinciais). Non se inclúen, polo tanto, aquelas persoas que teñen un sistema de previsión social distinto á Seguridade Social, como por exemplo, os funcionarios de clases pasivas.

A data de referencia dos datos é o 31 de decembro de cada ano.

O criterio xeográfico empregado para a clasificación dos datos é o municipio de residencia do titular da pensión, que se obtén mediante o cruce do ficheiro de Pensións Contributivas da Seguridade Social co Padrón municipal continuo do Instituto Nacional de Estadística (INE). Polo tanto, o criterio xeográfico é o municipio de residencia do Padrón.

Para a elaboración dos datos considéranse só as pensións contributivas básicas do sistema da Seguridade Social en alta, que inclúen: Réxime xeral, Traballadores por conta propia ou autónomos, Réxime especial agrario (traballadores por conta allea), Traballadores do mar, Minería do carbón, Empregadas do fogar, Accidentes de traballo e Enfermidades profesionais. Elimínanse polo tanto as prestacións complementarias. Inclúense todas as clases de prestacións: xubilación, incapacidade, xubilación procedente de incapacidade, viuvez, orfandade e a favor de familiares.

O número de pensionistas fai referencia ao número de persoas que perciben algunha pensión contributiva da Seguridade Social, polo que cada persoa contabilízase unha única vez, independentemente de que perciba unha ou máis pensións contributivas.

27 de maio de 2014

O importe total obtense como a suma dos importes das pensións contributivas percibidas por cada pensionista; polo tanto, os importes medios son as medias dos importes totais por persoa.